

PRIMEIRA CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DA CULTURA CIENTÍFICA, TECNOLÓXICA E DA INNOVACIÓN

A Unidade de Divulgación Científica e Cultural (UDCC) da Universidade da Coruña (UDC) co fin de contribuír á divulgación científica dos seus investigadores/as publica, en colaboración cos Museos Científicos Coruñeses, as bases da Primeira Convocatoria para o Fomento da Cultura Científica, Tecnolóxica e da Innovación, no marco do *Acordo entre a Universidade da Coruña e o Concello da Coruña para o desenvolvemento de liñas de cooperación en materia de divulgación científica.*

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é colaborar economicamente co persoal investigador da UDC para trasladar ao público contidos dos seus proxectos de investigación a través de adaptacións museográficas instaladas nos Museos Científicos Coruñeses. Esta iniciativa contribuirá a mellorar a cultura científica, técnica e innovadora da sociedade e a percepción que a cidadanía teña do labor de investigación que se realiza na UDC.

Non se tratará de trasladar ao público a totalidade da actividade que realizan os grupos de investigación nin o contido dun traballo específico, senón seleccionar fenómenos, obxectos e outros materiais divulgativos relacionados con estas investigacións que poidan espertar o interese do público e fomentar a súa curiosidade e interese polos temas ou áreas de coñecemento tratados.

Os Museos Científicos Coruñeses colaborarán cos beneficiarios na adaptación museográfica das ideas, fenómenos e/ou materiais propostos, para garantir que esta adaptación resulte atractiva e intelixible para públicos diversos. O deseño gráfico e o deseño industrial do mobiliario e interactivos serán acordados polos solicitantes e os Museos Científicos Coruñeses co fin de garantir os estándares mínimos de calidade, usabilidade, durabilidade e seguridade necesarios para a súa exhibición ao público.

2. BENEFICIARIOS

O beneficiario pode ser calquera grupo de investigación ou PDI da UDC que participen en proxectos ou promovan accións que contribúan a fomentar a cultura científica, tecnolóxica e innovadora na sociedade.

3. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

1. Os beneficiarios deberán de colaborar coa UDC e os Museos Científicos Coruñeses no deseño e a execución do museográfico achegando ou propoñendo materiais que resulten de interese como documentos, obxectos, infografías, mecanismos etc.
2. Tamén deben de proporcionar toda a documentación necesaria e detallada que se require na solicitude da proposta desta convocatoria.

4. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE

1. Os gastos efectuados polo beneficiario poden realizarse dentro do período especificado na convocatoria da actividade. Considerarase gasto realizado o

que se leve a cabo dentro do período de execución e estea relacionado cos obxectivos da proposta, derivados da elaboración dos materiais museográficos.

2. A participación dos grupos de investigación ou do persoal investigador será recoñecida explicitamente nos materiais que se presenten ao público.
3. O mantemento de mecanismos, a reposición de funxibles e a custodia dos obxectos e outros materiais cedidos polos beneficiarios serán responsabilidade dos Museos Científicos Coruñeses.

5. CONTÍA DA CONVOCATORIA

1. Para a concesión destes fondos destinarase un total de 12 000€, sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria. O pagamento farase con cargo á partida orzamentaria **03.00.03.00.17.422D.22609**.
2. A contía de cada fondo non poderá superar o importe de 3 000€.
3. A concesión e o número de fondos regulados nesta convocatoria terá como límite global o crédito asignado no orzamento, 12 000€.

6. CONCEPTOS SUSCEPTIBLES DE COLABORACIÓN

1. Os fondos destinaranse a cubrir os gastos relacionados co desenvolvemento e execución dos materiais museográficos.
2. Os fondos son compatibles ou complementarios con proxectos autonómicos, nacionais ou europeos sempre que se recolla na convocatoria.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. A presentación das solicitudes realizarase conforme ás instrucións e modelos establecidos na convocatoria (ANEXO I: formulario de solicitude).
2. As solicitudes presentarase preferentemente no Rexistro Electrónico da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus da Coruña (provisionalmente na Zapateira) ou do campus de Ferrol (na rúa Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol). Así mesmo, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
3. As solicitudes presentarase pola/o investigador/a principal do grupo ou investigador/a responsable do proxecto ou acción que se vai financiar.
4. O prazo para a presentación de solicitudes entenderase desde o día seguinte á data de publicación da convocatoria na sede electrónica da UDC **ata as 14:00 horas do día 13 de setembro de 2019**.
5. Para a presentación dunha solicitude deberase cubrir o formulario de solicitude correspondente e anexar a documentación adicional indicada nesta convocatoria.

8. AVALIACIÓN E SELECCIÓN

1. O procedemento de avaliación das solicitudes realizarase nunha única fase, logo de que os solicitantes acheguen a información necesaria para avaliar a proposta conforme os requisitos da convocatoria.

2. A avaliación da solicitude realizarase por unha comisión de avaliación, mediante a comparación das solicitudes conforme os criterios establecidos.
3. A Comisión de Avaliación estará composta polas seguintes persoas:
 - a. Presidencia: Margarita Amor López, vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.
 - b. Secretaria: M.^a Cristina Naya Riveiro, coordinadora da UDCC.
 - c. Vocal1: Marcos Pérez Maldonado, director dos Museos Científicos Coruñeses ou persoa en quen delegue.
 - d. Vocal 2: técnico/a dos Museos Científicos Coruñeses.
 - e. Vocal 3: Susana Ladra González, directora do Campus Innova.
4. Quedará excluído da avaliación todo proxecto que non se axuste aos obxectivos xerais da convocatoria.
5. Os seleccionados contarán cun prazo dun ano para a execución da proposta.

9. CRITERIOS DE VALORACIÓN DE SOLICITUDES

Os criterios de valoración e a súa ponderación son:

a) Criterios substantivos

i. *Claridade e oportunidade*

O proxecto presentado debe perseguir de xeito claro e explícito –tanto nos seus contidos como na súa orientación– os obxectivos desta convocatoria. Para iso deberá explicar con claridade a natureza das ideas, fenómenos ou procesos que se pretenden abordar, así como os materiais necesarios para tal efecto (mecanismos, obxectos, vídeos, imaxes etc.).

ii. *Interactividade*

Primaranse aqueles proxectos que inclúan solucións interactivas non virtuais, especialmente aquelas que resulten accesibles a públicos de diversas idades.

iii. *Espectacularidade e interese*

Valorarase a proposta de incorporación de obxectos espectaculares pola súa presenza física ou a súa importancia científica.

iv. *Interdisciplinabilidade*

Valorarase que a documentación explique o fenómeno abordado e que o sitúe no seu contexto social e histórico. Tamén que se expliciten, de existiren, as súas relacións con outras disciplinas científicas, así como con outros ámbitos do coñecemento e da cultura popular.

b) Criterios operativos

i. *Planificación.*

O proxecto debe estar ben estruturado, cunha planificación realista e correctamente dimensionado, axustando os tempos, responsabilidades e recursos que se van utilizar no marco das condicións e prazos previstos pola convocatoria.

ii. *Nivel de detalle*

Descríbese o funcionamento dos mecanismos propostos e os principios científicos asociados directamente cos fenómenos implicados; a natureza dos obxectos que incorpora (dimensións, peso, necesidades de exhibición) e os recursos complementarios, gráficos, audiovisuais ou doutro tipo que se propongan.

| Criterios | Subcriterios | Peso específico |
|--|--|------------------------|
| 1º Criterios substantivos (máx. 55 puntos) | <i>Claridade e oportunidade</i> | 15 |
| | <i>Interactividade</i> | 15 |
| | <i>Espectacularidade e interese</i> | 15 |
| | <i>Interdisciplinabilidade</i> | 10 |
| 2º Criterios operativos (máx. 45 puntos) | <i>Planificación</i> | 25 |
| | <i>Nivel de detalle</i> | 20 |

A puntuación mínima e esixida para poder beneficiarse do fondo é de 60 puntos.

No caso de empate entre proxectos, a orde de prioridade dos proxectos virá dada polos que obteñan maior puntuación en cada unha das dúas categorías de criterios (substantivos e operativos) na orde en que aparecen na táboa anterior onde se indica o peso específico de cada un. De persistir o empate, daráselle prioridade ao proxecto que teña maior puntuación nos subcriterios seguindo tamén a orde establecida na táboa.

10. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. A UDCC, á vista do expediente e do informe da Comisión de Avaliación, publicará na Sede Electrónica da UDC a proposta resolución.
2. A dita resolución conterá a concesión dos fondos, xunto coa súa contía e condicións.
3. Tamén se publicará a relación de solicitudes, ordenadas segundo a súa prelación, que, malia cumpriren coas condicións administrativas e técnicas establecidas nesta convocatoria, non foran estimadas.
4. Unha vez publicada a proposta de resolución provisional, os solicitantes terán un prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles que comezará a contar desde a data da publicación para manifestar a súa aceptación, renuncia ou expoñer as alegacións que se estime oportuno realizar.
5. O escrito de aceptación, renuncia ou alegacións deberá presentarse igualmente nas mesmas condicións e lugares que se indican no punto 7.2 desta convocatoria.

11. RESOLUCIÓN

Unha vez publicada a resolución definitiva de solicitudes porase fin ao procedemento de concesión.

12. PAGAMENTO

A UDCC, unha vez comprobado o cumprimento efectivo de todas as condicións incluídas na presente convocatoria, efectuará o pagamento dos fondos nun prazo non superior a tres meses desde a recepción de toda a documentación solicitada.

13. XUSTIFICACIÓN

A xustificación dos fondos concedidos deberá realizarse nun prazo non superior a 30 días naturais a partir da finalización do prazo de execución das accións obxecto de financiamento. Ademais, os beneficiarios deberán custodiar todas as facturas e demais documentos que acrediten os gastos obxecto do fondo que se realizaron e que estarán ao dispor da UDCC que poderá requirilas para a súa comprobación.

A Coruña, 2 de xullo de 2019

A vicerreitora de Estudantes , Participación e Extensión Universitaria

Margarita Amor López

ANEXO I: FORMULARIO DE SOLICITUDE

PRIMEIRA CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DA CULTURA CIENTÍFICA, TECNOLÓXICA E DA INNOVACIÓN

1. DATOS DA SOLICITUDE

1.1 *Título do proxecto de divulgación científica:*

1.2 *Orzamento total da solicitude:*

1.3 *Responsable do proxecto:*

2. DATOS DO/DA RESPONSABLE DO EQUIPO

2.1 *Nome:*

2.2 *Apelidos:*

2.3 *Documento de identidade:*

2.4 *Departamento ao que pertence:*

2.5 *Facultade/Escola:*

2.6 *Correo electrónico para efectos de notificacións:*

2.7 *Extensión telefónica:*

2.8 *Enderezo (completo):*

3. DATOS DO PROXECTO DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

3.1 Título:

3.2 Resumo:

3.3 Obxectivos relacionados coa divulgación científica, tecnolóxica e da innovación:

3.4 Descrición dos materiais museográficos: consideracións para o seu deseño ou prototipo (materiais, dimensións, características etc.)

3.5 Descrición de como o/a usuario/a interacciona co material museográfico:

3.6 Outras consideracións para ter en conta (se se considera necesario):



4. CUSTO ECONÓMICO DA PROPOSTA

4.1 Detalle orientativo do custo da proposta (orçamento desagregado por conceptos de gasto) para realizar os materiais museográficos:

| Descrición | Concepto | Custo |
|-----------------------|----------|-------|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| Gastos totais: | | |

4.2 Outros financiamentos que apoien o proxecto:

5. DATOS DO EQUIPO

(complete tantos datos como número de persoas que integre o equipo, excepto o/a responsable ou investigador/a principal).

5.1 Integrante n.º 1

Nome:

Apelidos:

Documento de identidade:

Departamento ao que pertence:

Facultade/Escola:

Correo electrónico para efectos de notificacións:

Extensión telefónica:

Enderezo (completo):

5.2 Integrante n.º 2

Nome:

Apelidos:

Documento de identidade:

Departamento ao que pertence:

Facultade/Escola:

Correo electrónico para efectos de notificacións:

Extensión telefónica:

Enderezo (completo):

6. DECLARACIÓNS

O/A responsable legal do proxecto don/dona.....

Declaro:

- Que son certos os datos que constan no presente documento e que exerzo no momento de asinalo a representación e competencia necesaria por contía e concepto para a solicitude e aceptación da colaboración económica en caso de que a proposta que represento resulte beneficiaria.
- Como representante das persoas que integran o equipo do proxecto presentado, comprométome, e o equipo comprométese, a colaborarmos coa Unidade de Divulgación Científica e Cultural e cos Museos Científicos Coruñeses en todas as accións necesarias para a execución con éxito da dita proposta, ademais de cooperar na elaboración dos documentos ou materiais gráficos publicitarios ou de difusión da proposta.

Data:

Asdo.: (nome e apelidos)